


Compromiso RSC



galicia
calidade

AXUDAS POLA PARALIZACION TEMPORAL DA ACTIVIDADE DE MARISQUEO A PÉ A CONSECUCENCIA DO BROTE DO COVID-19

(Extracto da Orde da Consellería do Mar de 4 de agosto de 2020)

(A título indicativo e non exhaustivo)

OBXECTO:

-Destinadas a persoas mariscadoras a pé afectadas polo cese temporal da actividade marisqueira a consecuencia do brote do Covid-19

FINALIDADE: A finalidade destas axudas é apoiar a sustentabilidade do sector do marisqueo a pé afectados pola paralización temporal **do 16 de marzo a 30 de xuño de 2020** (ambos incluídos) a consecuencia do brote e paliar os efectos económicos da crise sanitaria provocado polo mesmo.

PERSOAS BENEFICIARIAS: Persoas titulares de permisos de explotación para marisqueo a pé que levaron a cabo actividade extractiva (días de actividade) cando menos 120 días durante os anos 2018 e 2019. Se a vixencia do "permex" é inferior a dous anos a actividade calcularase proporcionalmente.

INCOMPATIBILIDADES:

-A percepción das axudas compensatorias previstas na orde é incompatible:

- Con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, autonómicos, nacionais, da Unión Europea ou dos organismos internacionais.
- Co recoñecemento da prestación extraordinaria de cesamento de actividade regulada no artigo 17 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19
- Coa percepción de axudas como persoa armadora ou tripulante pola paralización temporal da actividade pesqueira para o mesmo período de tempo como consecuencia do brote do COVID-19.
- Con ter prestacións económicas do Sistema da Seguridade Social que resulten contrarias co traballo da persoa beneficiaria, exceptuando: incapacidade temporal, nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo, risco durante a lactación, coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave. Neste caso, para o período do 16 de marzo ao 30 de xuño descontarase a parte proporcional dos días de parada subvencionados que correspondan.

CÁLCULO E CONTÍA DA AXUDA:

O importe máximo da axuda concedida será unha cantidade que se calculará multiplicando o baremo aplicable por cada día de parada realizado no período de referencia. Os días de parada poderán ser continuos ou interrompidos.

O cálculo dos días de parada subvencionables será:

Dps= días medios de actividade no período de referencia (15 para a zona IV.Ría Muros-Noia) menos (-) días de actividade da persoa mariscadora a pé no período de referencia.

O baremo da axudas por día de parada será o 90% do nivel de ingresos medios da actividade extractiva dos mariscadores a pé por colectivo nos tres anteriores. (Para persoas mariscadoras a pé de marisqueo xeral: 75€)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o 14 de Setembro de 2020 e as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo I, procedemento: PE401I) e dirixirase á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Mar.

Máis información:

-Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto de 2020 (DOG N° 152DE 13/0/2020)

(<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/>)

-Na Confraría

Confraría San Bartolomé Noia